

## ORDENANZA FISCAL Nº 10

### ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MERCADORÍAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, ESCOMBROS, VALOS, PUNTAIS, ASNILLAS, ESTADAS E OUTRAS INSTALACIÓNS ANÁLOGAS

#### Artigo 1.º.-Concepto

De conformidade co previsto no artigo 20, en relación cos artigos 15 e 58, da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a taxa por utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais pola ocupación de terreos de uso público con mercancías, materiais de construción, escombros, valos, puntais, asnillas, estadas e outras instalacións análogas, especificado nas tarifas contidas no apartado 1 do artigo 3.º seguinte, que se rexerá pola presente Ordenanza.

#### Artigo 2.º.-Obrigados ao pago

Están obrigados ao pago da taxa regulada nesta Ordenanza as persoas ou entidades a cuxo favor se outorguen as licenzas, ou quen se beneficien do aproveitamento, se se procedeu sen a oportuna autorización.

#### Artigo 3.º.-Contía

1.-A contía do prezo público, regulado nesta Ordenanza fiscal, será a fixada nas Tarifas que a continuación se detallan:

EPIGRAFE	EUROS		
	DIA	MES	AÑO
<b>TARIFA PRIMERA.-Ocupación de la vía pública con escombros.</b>			
1. Ocupación ou reserva especial da vía pública ou terreos de uso público que fagan os industriais con materiais ou produtos da industria ou comercio a que dediquen a súa actividade, comprendidos os vagóns ou vagonetas metálicas denominadas "containers", por metro cadrado .....	0,30	9,02	108,18
<b>TARIFA SEGUNDA.-Ocupación con materiais de construción.</b>			
1. Ocupación da vía pública ou terreos de uso público con escombros, materiais de construción, vagóns ou vagonetas metálicas denominadas "containers", para recollida ou depósito dos mesmos e outros aproveitamentos análogos, por metro cadrado .....	0,30	9,02	108,18
<b>TARIFA TERCERA.-Vallas, puntales, asnillas, andamios.</b>			
A) Vallas, por metro/lineal .....	0,60	18,03	180,30
B) Andamios, por m <sup>2</sup> .....	0,60	18,03	180,30
C) Puntales, por m <sup>2</sup> .....	0,06	1,80	18,03
D) Asnillas, por m <sup>2</sup> .....	0,02	0,54	6,49

#### 2.-Normas de aplicación das Tarifas:

a) Cando as obras interrompésense durante un tempo superior a dous meses, sen causa justificada, as contías resultantes por aplicación da Tarifa Segunda sufrirán unha recarga do 10 por 100 a partir do terceiro mes, e no caso de que unha vez finalizadas as obras continúen os aproveitamentos, as contías serán recargadas nun 20 por 100.

b) As contías resultantes por aplicación da tarifa sufrirán as seguintes recargas a partir do terceiro mes desde a súa instalación ou concesión. Durante o segundo trimestre un 20 por 100, durante o terceiro trimestre un 30 por 100; e por cada trimestre a partir do terceiro un 40 por 100.



#### **Artigo 4.º .-Normas de xestión**

1.-De conformidade co previsto no artigo 46 da Lei 39/1988 de 28 de decembro, cando con ocasión dos aproveitamentos regulados nesta Ordenanza, producísense danos no pavimento ou instalacións da vía pública, os titulares das licenzas ou os obrigados ao pago virán suxeitos ao reintegro total dos gastos de reconstrución e reparación de tales danos ou a reparar os danos causados, que serán en todo caso, independentes dos dereitos liquidados polos aproveitamentos realizados.

2.-As cantidades exixibles con arranxo ás tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreducibles polos períodos naturais de tempo sinalados nos respectivos epígrafes.

3.-As persoas interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta Ordenanza, deberán solicitar previamente a correspondente licenza.

4.-Se non se determinou con exactitude a duración do aproveitamento, unha vez autorizada a ocupación, entenderase prorrogada mentres non se presente a declaración de baixa.

5.-A presentación da baixa fornecerá efectos a partir do día primeiro do período natural de tempo seguinte ao sinalado no epígrafe da tarifa que corresponda. Sexa cal for a causa que se alegue en contrario, a non presentación da baixa determinará a obrigación de continuar abonando a taxa.

#### **Artigo 5.º .-Obrigación de pago**

1.-A obrigación de pago da taxa regulada nesta Ordenanza fiscal nace:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos na vía pública, no momento de solicitar a correspondente licenza.

b) tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizadas e prorrogadas, o día primeiro de cada semestre natural.

2.-O pago da taxa realizarase:

a) Tratándose de autorizacións de novos aproveitamentos ou de aproveitamentos con duración limitada, por ingreso directo na Tesouraría Municipal ou onde establecece o Concello, pero sempre antes de retirar a licenza ou documentos que corresponda.

b) Tratándose de autorizacións xa autorizadas e sen duración limitada, unha vez incluídas nos correspondentes padróns ou matrículas deste prezo público, por semestres naturais nas Oficinas da Recadación Municipal, desde o día 16 do primeiro mes do semestre até o día 15 do segundo.

#### **Disposición final**

A presente Ordenanza fiscal, entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e de acordo co disposto no art. 17.4 da Lei 39/88, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, permanecendo en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.

A presente ordenanza Fiscal publicouse no [Boletín Oficial da Provincia da Coruña num. 19 do 23 de xaneiro de 2002.](#)